

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ESPEDREGADA
CURSO: 2º DE PRIMARIA
DATA: 13/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA****CURSO: SEGUNDO**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Reconocer la información verbal y no verbal de los discursos orales e integrar en la producción propia.	LCB1.2.2. Se expresa con una pronunciación y una dicción adecuada a su nivel.
B1.5. Reconocer el tema y el sentido general de un texto oral breve y sencillo, de diferente tipología, atendiendo a la forma del mensaje (descriptivos, narrativos, dialogados) y a su intención comunicativa (informativos, literarios y prescriptivos).	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, la información general de un texto oral sencillo de uso habitual, del ámbito escolar y social.
B1.6. Valorar los medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Se inicia en la utilización guiada de los medios audiovisuales y digitales para obtener información.
B1.7. Reproducir textos adecuados a sus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios o no literarios, sencillos y breves, adecuados a sus gustos e intereses.
B1.9. Producir textos orales breves, imitando modelos y atendiendo a la forma y a la intención comunicativa.	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orales sencillos, del ámbito escolar y social, de diferente tipología: noticias, avisos, cuentos, poemas, anécdotas...
B2.3. Utilizar de forma guiada estrategias elementales para la comprensión lectora de textos muy sencillos de diversa tipología.	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, conocimientos previos para comprender un texto.
B2.8. Utilizar de forma guiada las Tecnologías de la Información y Comunicación para la búsqueda de información.	LCB2.8.1. Utiliza, de forma guiada, las Tecnologías de la Información y Comunicación para buscar información.
B3.1. Producir textos sencillos según un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) e intenciones comunicativas (informativos, literarios y prescriptivos, aplicando las reglas ortográficas de nivel y cuidando la presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con ayuda, en diferentes soportes, textos sencillos propios de la vida cotidiana, del ámbito escolar y social, atendiendo a la forma del mensaje y su intención comunicativa y respetando las normas gramaticales y ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucciones, recetas, textos literarios... LCB3.1.2. Presenta sus trabajos con caligrafía clara y limpieza, evitando riesgos, etc.
B3.4. Elaborar, de forma guiado, proyectos individuales o colectivos	LCB3.4.2. Elabora y presenta, de forma guiada, textos sencillos, que

sobre diferentes temas del área.	ilustra con imágenes de carácter redundante con el contenido.
B3.5. Utilizar las Tecnologías de la Información y Comunicación de forma guiada para presentar sus producciones.	LCB3.5.1. Usa, con ayuda, las Tecnologías de la Información y Comunicación para escribir y presentar textos muy sencillos.
B4.3. Aplicar los conocimientos básicos sobre las reglas ortográficas para favorecer una comunicación más eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza los signos de puntuación y las normas ortográficas propias del nivel y las aplica a la escritura de textos sencillos.
B4.4. Desarrollar estrategias para mejorar la comprensión oral y escrita a través del conocimiento de la lengua.	LCB4.4.1. Aplica las normas de concordancia de género y número en la expresión oral y escrita.
	LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación en sus composiciones escritas.
	LCB4.4.3. Utiliza una sintaxis básica en las producciones escritas propias.
B5.5. Reproducir, con ayuda, a partir de modelos dados, textos literarios sencillos: contos y poemas.	LCB5.5.1. Crea, con ayuda, sencillos textos literarios (cuentos, poemas) a partir de pautas o modelos dados.
B5.6. Reproducir textos literarios breves y muy sencillos adaptados a su edad.	LCB5.6.1. Reproduce textos orales muy breves y sencillos: canciones y poemas.

ÁREA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO: SEGUNDO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica	LGB2.3.1. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián

como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	(folletos, descrições, instrucións e explicacións).
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
	LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.
B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
	LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra.
	LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.

B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.	LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

ÁREA: CIENCIAS DA NATUREZA

CURSO: SEGUNDO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1. Recoñece os usos responsables da auga.
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Identifica as diferenzas entre seres vivos e inertes. CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas, empregando diferentes soportes.
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu	CNB4.1.2. Recoñece a importancia de reducir, reutilizar e reciclar residuos.

uso responsable.	
ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS	
CURSO: SEGUNDO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.
B3.7. Identificar as profesións, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Describe algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
B3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	CSB3.8.1. Identifica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1. Describe un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
	CSB2.1.2. Describe un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
B2.2. Recoñecer os lugares onde hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.	CSB2.2.1. Describe os lugares onde a auga e se distribúe en auga doce e salgada.
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana.
	CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
ÁREA: MATEMÁTICAS	
CURSO: SEGUNDO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo

apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de matemáticas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais (ata o 999).
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais (en punto, medias e cuartos).
	MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.
B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.
ÁREA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
CURSO: SEGUNDO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresa con claridade sentimentos e emocións.
ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA	
PLÁSTICA	
CURSO: SEGUNDO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EMB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos...)	EMB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado, etc.
MÚSICA	
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

ÁREA: INGLÉS**CURSO: SEGUNDO**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
PLE-B1.1-Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
PLE-B1.2-Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ?), instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
PLE-B1.3-Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.	2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
PLE-B2.1-Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
PLE-B2.2-Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	2º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).
PLE-B2.3-Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta
	2º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
	2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

<p>PLE-B3.1-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p>	<p>2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>
<p>PLE-B3.2-Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</p>	<p>2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>
<p>PLE-B3.3-Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.</p>	<p>2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</p>
<p>PLE-B3.4-Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas</p>	<p>2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>
<p>PLE-B4.1-Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p>
<p>PLE-B4.3-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>
<p>PLE-B5.2-Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo</p>	<p>2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social</p>
<p>PLE-B5.3-Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p>	<p>2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si</p>

	mesmo/a e do e das demais
PLE-B5.4-Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...)
PLE-B5.5-Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	2º-PLEB5.5 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.
PLE-B5.6-Comprender e expresar a posesión	2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.
PLE-B5.9-Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.
PLE-B5.10-Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como ?e, ou?, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas
PLE-B5.11-Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.	2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.
PLE-B5.12-Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc.
PLE-B5.13-Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).
PLE-B5.15-Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	2º-PLEB5.16 - Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA	
CURSO: SEGUNDO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presenta	EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias.

<p>B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presenta</p>	<p>EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.</p> <p>EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.</p>
<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais</p>	<p>EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.</p> <p>EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.</p> <p>EFB3.1.3 - Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</p>
<p>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</p>	<p>EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións solicitadas ao alumnado• Uso das TICs• Recompilación dos materiais <p>Verificación das achegas solicitadas polo profesorado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Traballos realizados polo alumnado a petición do profesorado:• Rexistro dos materiais empregados• Portafolio• Autoavaliación• Rubricas de avaliación• Cuestionarios <p>A terceira avaliación terá un sentido diagnóstico, avances realizados, dificultades atopadas, atrasos... a valoración de todo o rexistrado nos permitira obter datos cualitativos para facer os informes e as programacións de cara ao curso 2020-21 o máis precisos posibles coa finalidade de coñecer onde se precisa reforzar, ampliar ou recuperar e que aprendizaxes precisan dunha maior atención.</p>
Cualificación final	<p>Para a avaliación ordinaria teremos en conta principalmente a primeira e segunda avaliación. Será unha <u>valoración só en positivo</u>, podéndose recuperar as materias pendentes nas anteriores avaliacións, para iso valorase o esforzo e o traballo do alumnado que se atope na necesidade de recuperar a materia pendente.</p> <p>A nota final de todo o alumnado poderase ver incrementada (nunca diminuída) en función da valoración do esforzo e os traballos recibidos durante este período excepcional.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades destas materias están, centradas no reforzo e repaso dos contidos traballados ata o estado de alarma, amais se traballan actividades
--------------------	---

de ampliación sempre de atendendo a contidos xa traballados e en relación ao desenvolvemento das competencias clave.

Entre as distintas actividades cabe destacar que son actividades individuais, abertas, flexibles e cun carácter voluntario. Se combinan actividades virtuais e actividades tradicionais Das actividades concretas marcadas polos titores/as das actividades individuais recibidas se farán composicións grupais co obxectivo de manter un vínculo co traballo cooperativo, e entre iguais que favoreza o compromiso e a coordinación entre o grupo.

En liñas xerais as actividades traballadas son:

- Tarefas de investigación/experimentación con distintos materiais e técnicas
- Actividades individuais dentro dun “proxecto/actividade” de centro
- Actividades online interactivas ou de gamificación.
- Creacións audiovisuais
- Actividades de creación libre....

**Metodoloxía
(alumnado con
conectividade e
sen
conectividade)**

Neste momento estamos vivindo unha situación social, familiar e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

Seguimos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado é fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atopámonos nun momento de constantes modificacións educativas polo estado de alarma e o feito de traballar dende casa implica facer tarefas altamente motivadoras para o noso alumnado, buscando centros de interese e temas transversais, ademais de ser máis flexibles, permitindo que fagan as actividades cos medios que teñen á súa disposición.

Establecese unha constante comunicación co alumnado e as súas familias mantendo o vínculo afectivo e favorecendo o grao de adquisición das competencias clave.

Despois da enquisa feita ao alumnado sabemos que todos dispoñen de conectividade e por iso usamos:

- Blogs creados polos mestras/mestres para mostrar tanto as actividades como as finalidades e recursos.
- Un correo electrónico para o contacto coas familias e co alumnado.
- Videoconferencias
- Carpetas de Google Drive individuais co alumnado para o traslado dos distintos traballos.
- Abalar móbil para as notificacións e información.
- Páxina web do centro.

Para o alumnado con brecha dixital o centro prestoulle asesoramento e envioulles ordenadores. Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) elaborouse material de estimulación lingüística, de atención, de comprensión lectora e escritura, de razoamento matemático e de Lingua Galega en relación a o programa de adquisición de linguas para alumnado estranxeiro. O material elaborado en coordinación o profesorado de PT e AL co profesorado titor que se lle fai chegar ao alumnado en lotes de documentación impresa.

O Departamento de Orientación continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro entre eles o programa de estimulación lingüística na educación infantil, as adaptacións curriculares e os apoios educativos adaptados á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

A **comunicación e coordinación** entre o equipo docente é o **piar principal desta metodoloxía**. Amais hai unha **coordinación constante co DO** para atender ao alumnado con NEAE, cun traballo específico. pesar da circunstancia especial

É importante subliñar que a pesar da circunstancia excepcional que se está a vivir, o profesorado atende as súas funcións, e non se esquece de ningunha delas e entre as mesmas, están as **actividades complementarias**, que dende as distintas coordinacións se fai un especial esforzo para o seu desenvolvemento.

Materiais e recursos

Estamos poñendo a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a súa casa o traballo

	<p>iniciado nas aulas, para isto as TIC están sendo un elemento fundamental nestes momentos tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.</p> <ul style="list-style-type: none"> x Materias, xogos e actividades audiovisuais creados polos docentes. x Materiais elaborados polo propio alumnado. x Fontes e recursos adaptados das redes. x Libro de texto, cadernos e libretas. x Vídeos de creación propia dos docentes...
--	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ● Transmitirase información da adaptación das programacións para este 3º trimestre ás familias a través da plataforma Abalar móbil explicándolle onde poden ser consultadas. ● Na información transmitida se lle explicará que é unha adaptación supervisada polo servizo de inspección, e de tal xeito, poden ser modificadas ou melloradas se fose o caso.
Publicidade	Publicarase na páxina web